

CS ASESORÍA DE IMAXE PERSOAL E CORPORATIVA

Desde o [IES A Pinguela](#) damos a benvida ao alumnado deste novo ciclo que se implanta nesta modalidade por primeira vez en Galicia. Un reto para docentes e alumnos, que esperemos cumpra as expectativas de todos e todas.

Grazas a esta modalidade o alumnado pode compaxinar a vida persoal e a continuación de estudos sen desprazamentos, coa dificultade que isto conleva. O equipo docente é consciente, e por iso quere transmitirilles tranquilidade, lembrando que van acompañalos nesta viaxe tan importante.

Non dubiden en poñerse en contacto con eles xa que isto é un traballo en equipo. Para iso teñen as titorías colectivas no centro, ás cales poden asistir no horario marcado. Se teñen dúbidas que poidan ser de interese para todos os alumnos dispoñen de foros na plataforma e se a consulta é por un tema particular ou queren citarse nunha titoría persoal dispoñen da mensaxería (por chat, por videoconferencia, por teléfono ou no propio centro educativo).

Tamén contades coa titora que axudará a coordinar todos os módulos e nas cuestións que afecten o funcionamento do ciclo.

Se o alumnado ten problemas coa plataforma ten que poñerse en contacto coa unidade de atención a centros ([UAC](#)), no teléfono: 881997701 ou no email: uac@edu.xunta.gal.

Moita forza e veña, que embarcamos.